



## ACTA Nº 2020/7

### SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

#### -SALA DE CONFERENCIA CASA DA CULTURA DE CEE, venres 29 de maio de 2020 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e interventora, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

#### **PRESIDE:**

MARGARITA LAMELA LOUZAN

#### **ASISTEN:**

PSOE

RUBEN VILLAR AGULLEIRO

JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO

EMILIA MARIA TRILLO LOJO

BNG

SERXIO DOMINGUEZ LOURO

CESAR PEREZ MARTINEZ

PP

JOSE ANTONIO DOMINGUEZ GARCIA

AGUEDA MARIA DIAZ MEJUTO

MARIA VICTORIA AREAS POSE

IXCee

RAMON VIGO SAMBADE

MARIA DEL PILAR IGLESIAS LEMA

MARIA DEL CARMEN DIAZ FREIRE

#### **SECRETARIA:**

ROCIO HERMIDA CANCELA

#### **INTERVENTORA:**

ROSA M<sup>a</sup> FERNÁNDEZ CANOSA

#### **AUSENTE:**

Grupo Mixto

JUAN RAMON HERMIDA FANDIÑO

(Xustifica ausencia)

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

#### **A) PARTE RESOLUTIVA**

1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:

##### **I. Acta da sesión celebrada o 30 de abril de 2020.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos asistentes á sesión plenaria.

##### **II. Acta da sesión celebrada o 20 de maio de 2020.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos asistentes á sesión plenaria.



## DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

### 2. Proposta da Alcaldía relativa á modificación do artigo 3 do Regulamento da venda ambulante no Concello de Cee.

Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día luns 25 de maio de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

### 2. Proposta da Alcaldía relativa á modificación do artigo 3 do Regulamento da venda ambulante no Concello de Cee.

Considerando a seguinte:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDIA**

**ASUNTO:** MODIFICACIÓN DO ARTIGO 3 DO REGULAMENTO DA VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE CEE.

**EXPEDIENTE Nº:** 2020/G014/000001

**Considerando** que o artigo 3 do actual Regulamento da Venda Ambulante no Concello de Cee, publicado definitivamente no BOP do 31 de xaneiro de 2011, literalmente regula:

“Artigo 3.- Características da autorización.

1.A autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria terá unha duración limitada. O Concello fixará a duración da autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, que será por un período de vixencia dun ano, considerándose prorrogada automaticamente por períodos sucesivos de anos naturais, sen perxizo das facultades de comprobación e inspección que ten atribuído o Concello como Administración, e sempre que non exista denuncia da mesma por calquera das partes

2.-As autorizacións son persoais e intransferibles polo que o seu titular virá obrigado a exercer personalmente a actividade, sen poder traspasala, enaxenala ou dispoñer de outro modo das mesmas. Non obstante podrá exercer a actividade en nome do titular, o seu cónxuxe e fillos maiores de 16 anos, mentras permanezcan na unidade familiar do mesmo, así como os empregados que estén dados de alta e ao corrente da Seguridade Social por conta do titular. En ningún caso se concederá máis dunha licenza a nome da mesma persoa.

3. A autorización debe definir, o menos, o prazo de validez, os datos identificativos do titular, o lugar ou lugares en que poida exercerse a actividade, os horarios e datas nas que se poidan levar a cabo así como os produtos autorizados para a venda.

4. O titular da autorización dos produtos de alimentación e herbodietética deberá adicionalmente cumprir os requisitos que impón a normativa sanitaria.

5. O comerciante deberá ter exposta para o público e para as autoridades que realicen actuacións inspectoras, en forma facilmente visible:

a) A autorización municipal.

b) Unha dirección para a recepción das posibles reclamacións durante o exercicio da actividade.

Así mesmo no caso de venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda de postos desmontables cubertos, a identificación e o domicilio do comerciante deberá figurar nas portas ou bandas laterais de aqueles, ben sexan impresos directamente ou mediante carteis adheridos e, coas dimensións e caracteres necesarios para que resulten perfectamente visibles para o público.”

É necesario introducir a regulación da transmisión dos postos, por iso se procede a modificación do artigo 3, conforme a seguinte redacción:

“Artigo 3.- Características da autorización.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



1. A autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria terá unha duración limitada. O Concello fixará a duración da autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, que será por un período de vixencia dun ano, considerándose prorrogada automaticamente por períodos sucesivos de anos naturais, sen perxuízo das facultades de comprobación e inspección que ten atribuído o Concello como Administración, e sempre que non exista denuncia da mesma por calquera das partes

2. a) A autorización é persoal e será transmisíble previa comunicación ao Concello. A nova persoa titular terá que reunir os requisitos esixidos neste Regulamento para o exercicio da actividade e quedará subrogada nos dereitos e obrigas que correspondan á persoa titular cedente. A transmisión dunha autorización non afectará ao seu período de vixencia, é dicir, a autorización manterase o tempo que reste ata a finalización do prazo de duración.

b) O / a titular, mantendo tal condición, poderá ser substituído/a, previa autorización municipal, polos familiares en primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, sempre que o/a familiar proposto non sexa titular doutra autorización e que cumpra os demais requisitos establecidos na presente ordenanza, todo o cal deberá documentarse adecuadamente.

c) Os/as titulares da autorización ou licenza, nos mercados periódicos, poderán designar un/unha suplente, cuxos datos persoais se farán constar na autorización. O/a suplente deberá ser familiar en primeiro grao ou empregados/as dados de alta na seguridade social por conta do/a titular. O/a suplente non poderá ser titular de licenza deste Concello para o exercicio da venda ambulante. A condición de suplente non xerará dereito ningún de cara á ulterior concesión de licenzas para o exercicio da venda ambulante.

d) O/a titular da autorización poderá contratar persoal que o/a asista na atención do posto.

3. A autorización debe definir, o menos, o prazo de validez, os datos identificativos do titular, o lugar ou lugares en que poida exercerse a actividade, os horarios e datas nas que se poidan levar a cabo así como os produtos autorizados para a venda.

4. O titular da autorización dos produtos de alimentación e herbodietética deberá adicionalmente cumprir os requisitos que impón a normativa sanitaria.

5. O comerciante deberá ter exposta para o público e para as autoridades que realicen actuacións inspectoras, en forma facilmente visible:

a) A autorización municipal.

b) Unha dirección para a recepción das posibles reclamacións durante o exercicio da actividade.

Así mesmo no caso de venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda de postos desmontables cubertos, a identificación e o domicilio do comerciante deberá figurar nas portas ou bandas laterais de aqueles, ben sexan impresos directamente ou mediante carteis adheridos e, coas dimensións e caracteres necesarios para que resulten perfectamente visibles para o público."

**Visto** o informe favorable de Secretaría emitido o 11 de maio de 2020.

Á vista do exposto, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.**- Aprobación inicial da modificación do artigo 3 do Regulamento da Venda Ambulante no Concello de Cee, coa seguinte redacción:

Artigo 3.- Características da autorización.

1. A autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria terá unha duración limitada. O Concello fixará a duración da autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, que será por un período de vixencia dun ano, considerándose prorrogada automaticamente por períodos sucesivos de anos naturais, sen perxuízo das facultades de comprobación e inspección que ten atribuído o Concello como Administración, e sempre que non exista denuncia da mesma por calquera das partes

2. a) A autorización é persoal e será transmisíble previa comunicación ao Concello. A nova persoa titular terá que reunir os requisitos esixidos neste Regulamento para o exercicio da actividade e quedará subrogada nos dereitos e obrigas que correspondan á persoa titular cedente. A transmisión

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



dunha autorización non afectará ao seu período de vixencia, é dicir, a autorización manterase o tempo que reste ata a finalización do prazo de duración.

b) O / a titular, mantendo tal condición, poderá ser substituído/a, previa autorización municipal, polos familiares en primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, sempre que o/a familiar proposto non sexa titular doutra autorización e que cumpra os demais requisitos establecidos na presente ordenanza, todo o cal debera documentarse adecuadamente.

c) Os/as titulares da autorización ou licenza, nos mercados periódicos, poderán designar un/unha suplente, cuxos datos persoais se farán constar na autorización. O/a suplente deberá ser familiar en primeiro grao ou empregados/as dados de alta na seguridade social por conta do/a titular. O/a suplente non poderá ser titular de licenza deste Concello para o exercicio da venda ambulante. A condición de suplente non xerará dereito ningún de cara á ulterior concesión de licenzas para o exercicio da venda ambulante.

d) O/a titular da autorización poderá contratar persoal que o/a asista na atención do posto.

3. A autorización debe definir, o menos, o prazo de validez, os datos identificativos do titular, o lugar ou lugares en que poida exercerse a actividade, os horarios e datas nas que se poidan levar a cabo así como os produtos autorizados para a venda.

4. O titular da autorización dos produtos de alimentación e herbodietética deberá adicionalmente cumprir os requisitos que impón a normativa sanitaria.

5. O comerciante deberá ter exposta para o público e para as autoridades que realicen actuacións inspectoras, en forma facilmente visible:

a) A autorización municipal.

b) Unha dirección para a recepción das posibles reclamacións durante o exercicio da actividade.

Así mesmo no caso de venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda de postos desmontables cubertos, a identificación e o domicilio do comerciante deberá figurar nas portas ou bandas laterais de aqueles, ben sexan impresos directamente ou mediante carteis adheridos e, coas dimensións e caracteres necesarios para que resulten perfectamente visibles para o público."

**SEGUNDO.-** Proceder a publicación no BOP, taboleiro de anuncios e páxina web do concello da aprobación inicial, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas

Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto da modificación as alteracións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde ao Pleno, de conformidade co disposto polos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, previo Ditame da Comisión Informativa.

**TERCEIRO.-** No caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial da modificación no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo até entón provisional. O acordo de aprobación definitiva [expresa ou tácita] da modificación, co texto íntegro da mesma, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Sra alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

**Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 2 votos a favor do grupo político PSOE e 5 abstencións dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELADA."

Intervén a Sra alcaldesa: ya conocen la propuesta, alguna intervención en este punto?

Non se producen intervencións.



## -----VOTACIÓN-----

**Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado no seguinte sentido: 2 abstencións do grupo político BNG e 10 votos a favor dos restantes concelleiros asistentes á sesión.**

3. **Proposta da Alcaldía relativa a aprobación do Convenio para a asunción pola Administración Xeral da CCAA de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía Local e as prazas de Auxiliares de Policía Local ou as prazas de vixilantes municipais.**

Considerando o seguinte Ditame:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día luns 25 de maio de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

3. **Proposta da Alcaldía relativa a aprobación do Convenio para a asunción pola Administración Xeral da CCAA de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía Local e as prazas de Auxiliares de Policía Local ou as prazas de vixilantes municipais.**

Considerando a seguinte:

### **"PROPOSTA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** *Aprobación Convenio para a asunción pola Administración Xeral da CCAA de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía Local e as prazas de Auxiliares de Policía Local ou as prazas de vixilantes municipais.*

**EXPEDIENTE Nº 2020/A005/000003.**

*Visto o Convenio tipo que obra no expediente e que ten por obxecto instrumentar a delegación polo Concello de Cee na Administración xeral da CCAA de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local e as prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais.*

*Considerando o informe xurídico emitido pola Secretaría Municipal favorable a súa aprobación.*

*En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:*

**PRIMEIRO.-** *Aprobación do Convenio para a asunción pola Administración Xeral da CCAA de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía Local e as prazas de Auxiliares de Policía Local ou as prazas de vixilantes municipais.*

**SEGUNDO.-** *Dar traslado do presente acordo á Academia Galega de Seguridade Pública para posteriormente proceder a sinatura do referido Convenio.*

*Asinado dixitalmente ao marxe.*

*Alcaldesa do Concello de Cee.*

*Margarita Lamela Louzán."*

**Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 2 votos a favor do grupo político PSOE e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Intervén a Sra alcaldesa: ya conocen igualmente la propuesta solamente salientar que el convenio es por 4 años y se puede resolver con un mes de antelación, añadir ese dato a lo que se debatió en la comisión, hay muchos concellos adscritos a este convenio, es más, en el Doga salió la publicación para contratación de auxiliares de policía con contrato laboral temporal y por no estar adscrito Cee no aparece en ese listado para poder contratar a auxiliares de policía local, sería conveniente adscribirse teniendo en cuenta su posible resolución.

Sr Dominguez García: xa manifestamos na comisión que vamos votar en contra porque non vamos ceder competencia, no verán podese sacar un concurso porque hai chavales que se presentaron a policías e guardia civil e poden ser perfectamente auxiliares.

Sra alcaldesa: coas probas que teñen que facer na academia non hai profesionales, reiterar lo mismo.

Sr Dominguez García: eu sei de chavales que se presentaron a guardia civil e poden participar.

Sra alcaldesa: la posición del Pp está clara, hai cento y pico concellos que están adscritos porque es mejor, vienen preparados de la academia e mas ágil y un procedimiento más imparcial, objetivo y seguro.

Sr Dominguez García: o concello non é imparcial?

Sra alcaldesa: solo digo eso, más imparcial, objetivo y seguro.

Sr Dominguez García: non estou de acordo con Vde non creo que o concello sexa inferior a outra administración, non o podo aceptar que diga eso, que conste en acta eso que di a Sra alcaldesa.

Sra alcaldesa: bajo mi presidencia no hay duda de que será bajo el principio de igualdad que será así, bajo la de otros es cuestión de analizar un estudio en épocas anteriores.

Sr Vigo: é un problema de competencia da corporación e competencia para seleccionar o seu persoal, diferenciar selección de auxiliares da dos policías locais do Concello, si pode ser que para optar a auxiliar teñamos que estar adscritos pero non para seleccionar os policías locais, que o concello nombra tribunal con funcionarios da administración publica eu negome a cesión de competencia porque xa temos poucas.

Sra alcaldesa: dada la situación actual y dado que se puede resolver con un mes de antelación de ahí traer este punto.

Sr Dominguez Louro: eu escoitala a Vde decir que baixo o seu mandato vai haber transparencia me alegra porque a sombra da dúbida planeou durante moito tempo neste concello, en calquer caso non estamos pola contratación de mais policías locais, 6 son suficientes e so comparar cos concellos que temos na contorna, co cal estamos por non contratar mais policías locais e reformular o traballo que teñen os que hai, ese diñeiro que quedaría libre sería apetecible que se dedicara a outros postos de traballo mais precisos para o concello de Cee por exemplo, temos maquinaria parada que non hai quen a manexe pero si hai quen poña multas que seguramente son necesarias pero cortar as silvas tamén, cun cuartel da guardia civil a 500 metros ou 1 km minora a necesidade de policía local, vamos votar en contra.

Sra alcaldesa: simplemente falar da necesidade de contratación temporal no verán temos un policía de baixa e parte das vacacións para desfrutar e no verán se necesita, coincido no sentido de tratar que 6 poidan solventar a situación o tema é a contratación temporal no verán, de aí o convenio que tendo firmado temos mais facilidade para mandar auxiliares, era simplemente por iso non o obxectivo de sacar prazas, comprobar si son suficientes.

Sr Dominguez Louro: seguimos pensando igual, que 6 policías locais son suficientes para Cee e co movemento que vai haber, sen festas, van facer falta menos por desgracia para Cee é cuestión de reestruturación do corpo e teñen que dar para o verán e inverno.

-----VOTACIÓN-----

**Sométese á votación o Ditame e non resulta aprobado pola seguinte votación: 4 votos a favor do grupo político PSOE e 8 votos en contra dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**



#### 4. Proposta da alcaldía relativa a declaración de postos vacantes na RPTPF por xubilación voluntaria por anticipo da idade.

Considerando o seguinte Ditame:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día luns 25 de maio de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

#### 4. Proposta da alcaldía relativa a declaración de postos vacantes na RPTPF por xubilación voluntaria por anticipo da idade.

Considerando a seguinte:

##### **“PROPOSTA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** DECLARACIÓN POSTOS VACANTES RPTPF POR XUBILACIÓN VOLUNTARIA POR ANTICIPO DA IDADE.

*Considerando a Relación de Postos de Traballado para persoal funcionario deste Concello.*

*Vistas as Resolucións da Alcaldía polas cales se declara a xubilación voluntaria por anticipo de idade aos titulares dos postos OFICIAL XEFE DA POLICÍA LOCAL: 04.01.01.  
E POLICIA LOCAL: 04.01.03.*

*Considerando que en data 18 de maio de 2020, tivo lugar a MESA XERAL NEGOCIADORA do Concello de Cee, alcanzando negociación positiva en relación ao asunto de referencia.*

*Por todo o exposto, **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:*

**PRIMEIRO.-** Declarar vacantes a todos os efectos os seguintes postos da RPTPF:

OFICIAL XEFE DA POLICÍA LOCAL: 04.01.01.

POLICIA LOCAL: 04.01.03.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo aos Departamentos competentes.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee: Margarita Lamela Louzán.

[DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE]”

**Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 2 votos a favor do grupo político PSOE e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA”

Sra alcaldesa: simplemente hay policías que se jubilaron y procede declarar vacantes.

-----VOTACIÓN-----

**Sométese á votación o ditame e resulta aprobado no seguinte sentido: 2 votos en contra do grupo político Bng e 10 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

#### 5. Proposta da Alcaldía relativa á Aprobación Convenio entre a Comisión Interuniversitaria de Galicia e o Concello de Cee para celebrar as probas da ABAU

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## do ano 2020.

Considerando o seguinte Ditame:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día luns 25 de maio de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

### **5. Proposta da Alcaldía relativa á Aprobación Convenio entre a Comisión Interuniversitaria de Galicia e o Concello de Cee para celebrar as probas da ABAU do ano 2020.**

Considerando a seguinte:

#### **"PROPOSTA DA ALCALDIA**

**ASUNTO:** Aprobación Convenio entre a Comisión Interuniversitaria de Galicia e o Concello de Cee para celebrar as probas da ABAU do ano 2020.

**EXPEDIENTE Nº:** 2020/A005/000005

Considerando o Convenio remitido a este Concello pola CIUG en data 13 de maio con NRE 202099900000277, que se transcribe:

*Por unha parte, D<sup>a</sup> Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Excmo. Concello de Cee, e, doutra parte, D. Luis Muñoz López, D. Celso Rodríguez Fernández e D. Pedro R. Armas Diéguez presidente e vicepresidentes, respectivamente, da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG),*

#### **INTERVEÑEN**

*A primeira, en nome e representación do Excmo. Concello de Cee, facultada para a suscripción do presente documento por acordo plenario de data \_\_\_\_\_, asistido pola Secretaria da Corporación, D. Rocío Hermida Cancela e os segundos en nome e representación da Comisión Interuniversitaria de Galicia,*

#### **EXPOÑEN**

*Primeiro: que o Concello de Cee está interesado en que a proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para os alumnos de Bacharelato dos centros que se relacionan no anexo I se celebren no termo municipal de Cee.*

*Segundo: que a Comisión Interuniversitaria de Galicia acepta o anterior conforme os condicionamentos resultantes do presente documento, que de seguido se especifican:*

#### **CONDICIÓN:**

*Primeira: o obxecto do presente acordo é a celebración, dentro do termo municipal de Cee, das ABAU para os alumnos de Bacharelato que cursan estudos en centros situados na comarca durante as convocatorias de xuño e de xullo do ano 2020.*

*Segunda: a financiación dos gastos que ocasione a celebración das probas correrá a cargo do Excmo. Concello de Cee, sendo a contía dos mesmos de 12.355 euros, que se fará efectiva ó remate da convocatoria de setembro e, en todo caso, antes do mes de novembro.*

*Terceira: a relación de centros de bacharelato afectados polo presente acordo figura no Anexo I.*

*E para que así conste e surta os oportunos efectos, ámbalas partes se ratifican no exposto e asinan o presente documento, no lugar e data ut supra, en cuadruplicado exemplar, diante de min, Secretario, que dou fe do acto.*

*A alcaldesa do Concello*

*O Presidente da CiUG*

*O Secretario*

*O Vicepresidente da CiUG*

**ANEXO I**





COMISIÓN DELEGADA Nº 26 IES Agra de Raices (Cee)  
Tfno : 981.74.59.84 Fax: 981. 74.58.25  
(107) IES. Agra das Raices Cee  
(154) IES Terra de Soneira Vimianzo  
(163) IES Maximino Romero de Lema Baio- Zas  
(167) IES Fernando Blanco Cee

## ANEXO II

### Previsión de gastos (pendente de confirmación)

Convocatoria de xullo	Total
1 Presidente (Gratificación)	555€
1 Secretario (Gratificación)	485€
8 vocales (Gratificación) 335€x8	2680€
1 Administrativo (Gratificación)	320€
1 Subalterno (Gratificación)	155€
Aloxamento Hotel (66€/día x 3 días x 10 membros)	1960€
Viaxes de desprazamento (0,19€/Km x 2 viaxes x 80 Km.x10 membros)	304
Manutención 37,40€/día x 4 días x 10 membros	1496€
<b>Total</b>	<b>7955€</b>
Convocatoria de Setembro	Total
1 Presidente (Gratificación)	555€
1 Secretario (Gratificación)	485€
3 vocales (Gratificación) 335€x3	1005€
1 Administrativo (Gratificación)	320€
1 Subalterno (Gratificación)	155€
Aloxamento Hotel (66€/día x 3 días x 5 membros)	980€
Viaxes de desprazamento 0,19€/Km x 2 viaxes x 80 Km.x5 membros	152€
Manutención 37,40€/día x 4 días x 10 membros	748€
<b>Total</b>	<b>4400€</b>

Total xullo e setembro: 12355 €

Á vista do exposto, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.**- Aprobación do Convenio entre a Comisión Interuniversitaria de Galicia e o Concello de Cee para celebrar as porbas da ABAU do ano 2020 transcrito nesta Proposta.

**SEGUNDO.**- Dar traslado a CIUG aos efectos oportunos.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Sra alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

**Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente por unanimidade dos asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

Intervén a Sra alcaldesa e di que é o convenio de todos os anos, cada concello mandarase para subscribir un convenio colaboración, Laxe, Fisterra, Carnota e Camariñas dixerón que si, respecto a



Dumbría o ano pasado firmou supoño que este ano tamén e Vimianzo e Corcubión supoño que non tampouco o ano pasado por indicacións de intervención, e Muxía e Vimianzo está en estudo de intervención.

-----VOTACIÓN-----

**Sométese a votación o Ditame e resulta aprobado por unanimidade dos asistentes.**

**DA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS PÚBLICOS**

**6. Proposta da alcaldía relativa a repercusión do canon establecido no seu día á explotación da estación de autobuses e á cafetería.**

Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas o día luns 25 de maio de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

**"2. Proposta da alcaldía relativa a repercusión do canon establecido no seu día á explotación da estación de autobuses e á cafetería.**

Considerando a seguinte:

**"PROPOSTA DA ALCALDIA**

**ASUNTO:** REPERCUSIÓN DO CANON ESTABLECIDO NO SEU DÍA Á EXPLOTACIÓN DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES E Á CAFETERÍA.

**EXPEDIENTE Nº:** 2020/X999/000044

Considerando a solicitude con NRE 202099900000183 de data 31 de marzo a instancia de FAINA CAFE BAR SC conforme a cal SOLICITA:

*"Que ante la imposibilidad de hacer frente al pago del Canon mensual debida a la inexistencia de ingreso alguno de la concesión administrativa de Explotación del Servicio Público de la Estación de Autobuses de Cee, tal como se acaba de exponer, la exoneración del pago del canon mensual durante el período que medio entre el 14 de marzo pasado y la fecha en la que levante la paralización de la actividad de hostelería, de la que procede la única fuente de ingresos, tal como se acaba de exponer, situación de la que además es conocedor ese Concello."*

Considerando que o Prego de Cláusulas Administrativas que rexe a contratación da explotación da estación de autobuses de Cee aprobado polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 24.02.2005, no seu artigo 7 regula expresamente:

*"1.- O concesionario virá obrigado a pagar anualmente ó Concello de Cee un canon mensual de 600 euros como tipo mínimo de licitación pola explotación da estación e os seus servizos complementarios.*

*2.-O canon deberá satisfacerse entre os días un e dez de cada mes. No caso de que a explotación non comezase o día un de mes se fará o prorrateo de días na liquidación do mes seguinte. O devandito canon establecido para o presente ano revisarase anualmente aplicándose sobre este o IPC correspondente."*



*Visto que no seu día o Pleno da Corporación non estableciu unha separación non canon entre a explotación da estación de autobuses e o servizo complementario de cafetería, aos efectos de entrar no estudo da solicitude, é necesario separar o canon que corresponde a explotación da Estación e a Cafetería dado o Estado de alarma aprobado por RD 463/2020 de 14 de marzo, establece distintas restricións que afectan de maneira distinta a ambas actividades.*

*Visto o informe técnico emitido polo Arquitecto municipal, do seguinte tenor literal:*

## **"PERSOA SOLICITANTE**

Concello de Cee

### **ANTECEDENTES**

*Á vista do escrito de D<sup>a</sup> Najat Anafa Oihbi en representación de Faina Café Bar, SC presentado o 31.03.2020 (RE 202099900000183) solicítaseme por parte da Alcaldía do Concello de Cee a indicación dun criterio técnico que poda servir para estimar os efectos da suspensión da actividade de cafetería no canon da concesión da explotación do servizo público da Estación de autobuses de Cee, a raíz da entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.*

### **INFORME**

*Visto o contido do "anteproxecto de estación de autobuses de Cee" da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda de setembro de 2002 que obra no expediente da concesión, en concreto, o seu plano denominado solución 1, e efectuada a medición da área relativa ao uso da cafetería, determínase que esta é de 87,7m<sup>2</sup>.*

*Así mesmo, da medición da totalidade da zona pechada da edificación (o edificio de servizos), extráese que esta é de 189,04m<sup>2</sup>.*

*En consecuencia, entendo que un criterio técnico posible para determinar os efectos da suspensión da actividade da cafetería na contía do canon podería consistir en aplicar unha redución proporcional á superficie do edificio de servizos da estación (sen considerar os espazos abertos) que non está vinculada ao uso de cafetería.*

*Dado que a zona do edificio non vinculada ao uso da cafetería (zona de vestíbulo, espera e taquillas) é de 101,34m<sup>2</sup>, esta representa un 53,6% da superficie total do edificio de servizos. Deste xeito, aplicaríase ao canon un coeficiente redutor do 0.536.*

*Consta no punto TERCEIRO do contrato administrativo da Concesión da explotación do servizo público da Estación de autobuses de Cee o seguinte: "María Calvo Martínez comprométese á prestación do servizo de explotación da estación de autobuses da Vilaonde María Calvo Martínez comprométese á prestación do servizo de explotación da estación de autobuses da Vila de Cee conforme establece o prego de cláusulas administrativas particulares, o regulamento da explotación e tendo en conta como importe máximo das tarefas as que integran o expediente e que foron publicadas o 31 de maio de 2005 no Boletín Oficial da Provincia e sempre axustándose á proposición económica presentada na licitación respecto o canon mínimo mensual de 650€ ó mes a pagar ó Concello de Cee e á instalación dos medios materiais e humanos anteriormente relacionados."*


*Segundo declara D<sup>a</sup> Najat Anafa Oihbi no escrito presentado o 31.03.2020 (RE 202099900000183) en representación de Faina Café Bar, SC e me confirma a Tesoureira municipal, este canon na*



actualidade é de 779,64 euros/mes. En consecuencia, a repercusión por usos quedaría da seguinte maneira:

- Canon pola explotación da cafetería:  $779,64 \times 0,464 = 361,75$  euros
- Canon da parte restante:  $779,64 \times 0,536 = 417,89$  euros

Xúntase a continuación copia do nomeado plano coa grafía dos ámbitos considerados.”



Por todo o exposto, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:  
**PRIMEIRO.-** Establecer a seguinte repercusión por uso no canon actual (dado que o inicialmente foi incrementado anualmente co IPC) que paga a concesionaria da explotación de autobuses de Cee e servizos complementarios, de conformidade ao criterio establecido no informe técnico transcrito e que serve de base ao presente acordo:

- Canon pola explotación da cafetería:  $779,64 \times 0,464 = 361,75$  euros
- Canon da parte restante:  $779,64 \times 0,536 = 417,89$  euros

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo a cantos resulten interesados no procedemento con indicación expresa dos recursos que contra o mesmo cabe interpor.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Sra alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 1 abstención do grupo político BNG e 6 votos a favor dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

Intervén a Sra alcaldesa e explica a proposta.

Non se producen intervencións.

-----VOTACIÓN-----

**Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por unanimidade dos presentes na sesión.**

## 7. Modificación contractual do contrato da xestión interesada do servizo da piscina

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## municipal e outras actividades deportivas de Cee a instancia de VIRAXES SL (Proposta de Melloras).

Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas o día luns 25 de maio de 2020 emitiuse o seguinte **DITAME**:

### **“3. Modificación contractual do contrato da xestión interesada do servizo da piscina municipal e outras actividades deportivas de Cee a instancia de VIRAXES SL (Proposta de Melloras).**

Considerando a seguinte:

#### **“PROPOSTA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** Modificación contractual do contrato da xestión interesada do servizo da piscina municipal e outras actividades deportivas de Cee a instancia de VIRAXES SL (Proposta de Melloras)

**EXPEDIENTE Nº:** 2017/C004//000007

Considerando a Proposta de Melloras presentada por D. Andrés Eiris Barca en representación de VIRAXES SL, actual xestor da piscina municipal do Concello de Cee, asinada o 13 de febreiro de 2020.

Considerando o informe emitido polo responsable do contrato, que literalmente se transcribe:

*“INFORME TÉCNICO REFERIDO Á “PROPOSTA DE MELLORAS NA XESTIÓN INTERESADA DO SERVIZO PÚBLICO DA PISCINA MUNICIPAL DE CEE E OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS”. Manuel Calo Canosa, con nº DNI 76366973G, como técnico de deportes do Concello de Cee. Unha vez revisado o documento coa “proposta de melloras” presentado por rexistro o 20/02/2020 pola empresa VIRAXES S.L., adxudicataria da prestación do servizo da Piscina Municipal de Cee. INFORMO: Que existe un erro na proposta referida aos abonos, e en concreto, do “abono minusválido” xa que o grado mínimo de discapacidade é o 33% (e non o 25% como se indica).*

*No seu conxunto, as melloras presentadas na proposta, considero que dan resposta ás demandas reais dos usuarios/as da instalación deportiva municipal, ademais de mellorar o control e transparencia na xestión da instalación. E para que así conste, asino o presente no lugar e data abaixo indicados. Cee, 6 de maio de 2020 O técnico de deportes municipal.”*

Visto o informe conxunto dos departamentos de Secretaría e Intervención co seguinte tenor literal:

*“Rocío Hermida Cancela, Secretaria Municipal e D<sup>a</sup> Rosa M<sup>a</sup> Fernández Canosa, Interventora Municipal, emiten o seguinte INFORME:*

#### **ANTECEDENTES**

- 1. Prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas do servizo.*
- 2. Contrato administrativo de data 10 de outubro de 2018.*
- 3. Solicitude de don Andrés Eirís Barca asinada en data 10 de marzo de 2020*
- 4. Acordo plenario de data 30 de abril de 2020 de aprobación das novas tarifas.*
- 5. Solicitude de don Andrés Eirís Barca de proposta de melloras no contrato citado de data 14 de febreiro de 2020*



## 6. Informe técnico de 6 de maio de 2020

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Regulamento xeral lei de contratos.
- TRLCSP (Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro).
- Disposición transitoria primeira TRLCSP.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

**PRIMEIRO.-** Solicitud de D. Andrés Eirís Barca, en representación de VIRAXES SL que pretende a modificación de diversos aspectos relativos á xestión da piscina municipal. A saber:

- Abono de minusválido
- Abono familiar
- Cota de mantemento
- Abonos especiais sen matrícula
- Entradas
- Cursos de auga para abonados
- Cursos de seco para abonados
- Colectivos especiais
- Alugueres e reservas
- Asociación/ colexios e grupos organizados
- Actividades especiais

**SEGUNDO.-** Considerando que o PCAP remite ó TRLCSP (RDL 3/2011 vigor no momento da adxudicación), a Modificación de contratos ven regulada no artigo 106:

#### **Artículo 106 Modificaciones previstas en la documentación que rige la licitación**

Los contratos del sector público podrán modificarse siempre que en los pliegos o en el anuncio de licitación se haya advertido expresamente de esta posibilidad y se hayan detallado de forma clara, precisa e inequívoca las condiciones en que podrá hacerse uso de la misma, así como el alcance y límites de las modificaciones que pueden acordarse con expresa indicación del porcentaje del precio del contrato al que como máximo puedan afectar, y el procedimiento que haya de seguirse para ello.

A estos efectos, los supuestos en que podrá modificarse el contrato deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuya concurrencia pueda verificarse de forma objetiva y las condiciones de la eventual modificación deberán precisarse con un detalle suficiente para permitir a los licitadores su valoración a efectos de formular su oferta y ser tomadas en cuenta en lo que se refiere a la exigencia de condiciones de aptitud a los licitadores y valoración de las ofertas.

O PCAP que rexeu a contratación sinala como obrigas do adxudicatario a de obter autorización expresa do Concello para a prestación de calquera actividade ou servizo non incluído na xestión ó tempo da súa adxudicación.

Tamén prevé o dereito a proponer ó Concello cantas modificación estime indispensables como melloras na prestación do servizo e non previstas no prego nin na proposición presentada polo adxudicatario.

**TERCEIRO.-** en canto ó procedemento aplicable, o artigo 106 reza así:

#### **Artículo 108 Procedimiento**

**1.** En el caso previsto en el artículo 106 las modificaciones contractuales se acordarán en la forma que se hubiese especificado en el anuncio o en los pliegos.



2. Antes de proceder a la modificación del contrato con arreglo a lo dispuesto en el artículo 107, deberá darse audiencia al redactor del proyecto o de las especificaciones técnicas, si éstos se hubiesen preparado por un tercero ajeno al órgano de contratación en virtud de un contrato de servicios, para que, en un plazo no inferior a tres días, formule las consideraciones que tenga por conveniente.

3. Lo dispuesto en este artículo se entiende sin perjuicio de lo establecido en el artículo 211 para el caso de modificaciones que afecten a contratos administrativos.

**CUARTO.-** En relación as propostas sinalar e tendo en conta que as tarifas sinaladas como anteriores polo adxudicatario sufriron neste tramo o incremento derivado do IPC polo que se toman en consideración as novas vixentes:

1. **Proposta de abono de minusválido.**

Sínálase un novo tipo de abono individual reducido a engadir ós existentes. Tendo en conta o deficitario do servizo calquera minoración dos ingresos a percibir fan mais gravoso o servizo para o Concello, sen prexuízo das consideracións realizadas con motivo do establecemento e modificación das tarifas. O carácter de taxa impediría a bonificación que non estivera motivada na capacidade económica do suxeito pasivo. O técnico estima un erro o porcentaxe previsto neste punto considerando correcto o de 33 por cento.

2. **Proposta de abono familiar.**

Propón o adxudicatario modificar o abono familiar previsto e que no caso dos fillos abrangue ata os menores de 18 anos para incluír ós menores de 25 que cumpran requisitos de domicilio, desemprego e renda. Acreditado neste caso a capacidade económica do suxeito pasivo reitéranse as observacións do punto 1 en relación o deficitario do servizo e a necesidade de non minorar os ingresos derivados deste servizo.

3. En relación ás propostas 3 e 4 sobre a **cota de mantemento e abonos especiais sen matrícula** posto que supoñen unha perda de recadación se reiteran as observacións realizadas nos parágrafos anteriores.

4. En relación á proposta 5 sobre as **entradas** se entende que é unha proposta de xestión sen especial incidencia dende o punto de vista económico xa que se pretende unificar a tarifa establecendo unha tarifa única con independencia do servizo a utilizar e sobre o tempo (verbalmente se informa que xa se estaba realizando pola imposibilidade de controlar o tempo de forma individualizada). Sinalar en todo caso que os usuarios dun só servizo verían incrementado o gasto sen solicitude.

5. En relación á proposta 6 de incremento do desconto dos **cursos de auga** de un 25 por cento a un 50 por cento reitéranse as consideracións feitas sobre a necesidade de non mermar os ingresos derivados do servizo. Non se acredita no expediente que o maior desconto se traduza nun incremento tal de abonados que compense a perda de recadación.

6. En relación á proposta número 7 relativa a **cursos de seco** para abonados parece de recibo o establecemento de tarifas diferentes en función da complexidade da actividade a realizar e que se teñan en conta para a determinación dos prezos o persoal adscrito e o material afecto. En todo caso a redución dos prezos é de notable importancia supoñendo unha clara minoración dos ingresos a percibir polo que se reiteran as consideracións realizadas.

7. Proposta número 8 relativa a **tarifas para colectivos especiais** contén as mesmas características que non punto 1 polo que nos remitimos as consideracións realizadas.

8. As propostas número 9 relativas a **alugueres/reservas**, a número 10 relativa a **asociacións, colexios e grupos**, a número 11 de **actividades especiais** supoñen novas actividades, poden supoñer unha mellora no equilibrio de gastos e ingresos do servizo, son actividades relacionadas co servizo e o técnico responsable do contrato as considera axeitadas polo que sen prexuízo de que se determinen nas condicións de seguridade adecuadas se contén cos



*permisos necesarios e se adecúen a normativa reguladora na prestación dos mesmos non se atopa impedimento para a súa consideración.*

**QUINTO.-** *Reitéranse os informes xurídico e de fiscalización derivados do expediente de contratación, en especial os relativos á natureza destes ingresos e a súa adecuación á natureza tributaria dos mesmos.*

**SEXTO.-** *No relativo ao órgano competente, é o Pleno da Corporación dado que foi o órgano de contratación que adxudicou o contrato no seu día.*

**SÉPTIMO.-** *Conforme regula o artigo 108 TRLCSP, o procedemento que se instrua para a modificación contractual deberá darse audiencia ao adxudicatario do contrato: VIRAXES S.L*

### **CONCLUSIÓN:**

*Polo exposto, as informantes consideran que procede a estimación daquelas solicitudes que non supoñan merma dos ingresos para o Concello dado o carácter deficitario do mesmo e que son cambios de xestión ou incremento de servizos relacionados e desestimación das que supoñan esta merma na recadación sen prexuízo dos informes realizados no seu día co motivo da aprobación do expediente citado e actuacións posteriores.*

*Asinado dixitalmente ao marxe.*

*Secretaria Municipal*

*Interventora Municipal.”*

Considerando que se prevén para as persoas con discapacidade física, psíquica e sensorial, unha serie de medidas para promover, protexer e asegurar o goce pleno de todos os seus dereitos e liberdades fundamentais, a través dunha serie de normas tanto de ámbito internacional coma a Convención de Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidades, como internas, a Constitución e o texto refundido que regula os dereitos das persoas con discapacidade e inclusión social.

Considerando que son persoas con discapacidade aquelas que reúnen os requisitos de:

- presentar deficiencias físicas, mentais, intelectuais e sensoriais
- que sean previsiblemente permanentes
- que, ó interactuar con diversas barreiras, podan impedir súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións con demais
- e que teña reconecido un grado de discapacidade igual ou superior ó 33%

Considerando que na actualidade a piscina conta con abonos reducidos para a 3ª idade, xuventude, matinal e fin de semana, os efectos de garantir unha igualdade de trato unido a especialidade de dito colectivo propónse aprobar o abono reducido a favor dos minusválidos, que presenten un certificado de minusvalía igual ou superior ó 33%.

O mesmo con relación os cursos con monitor mensual para colectivos especiais (APEM e ASPADEX), colectivos que son atendidos en instalacións sitas no municipio de Cee, que ditos cursos son necesarios para a súa mellora na saúde e calidade de vida, e que precisan dun monitor para que atenda a súas necesidades. Polo que propónse aprobar os prezos solicitados de:

- Prezo curso alumno/a APEM ou ASPADEX 1h/semana 6,61 euros
- Prezo curso alumno/a APEM ou ASPADEX 2h/semana 13,22 euros.
- Prezo curso alumno/a APEM ou ASPADEX 3h/semana 19,83 euros.

Considerando o informe conxunto de Intervención e Secretaría, así coma o informe do Técnico de Deportes, con relación as ENTRADAS, dado que a proposta “non ten especial incidencia desde o punto de vista económico” e ós efectos de que os usuarios dun só servizo non vexan incrementado o gasto, propónse manter o prezo actual para as entradas de un só servizo (piscina ou ximnasio) nas sumas de





Entrada piscina + 18 e - 65	2,70 euros
Entrada piscina - 18 e + 65	1,76 euros
Entrada ximnasio + 18 e - 65	2,61 euros

1 hora de utilización da instalación

E aprobar a inclusión da entrada dos prezos solicitados para aquelas usuarios que fagan uso de ambos servizos de piscina e ximnasio nas sumas de

Entrada total + 18 e - 65	4,13 €
Entrada total - 18 e + 65	3,31 €
Bono 10 sesións + 18 e - 65	37,19 €
Bono 10 sesións - 18 e + 65	29,75 €

\* Sen limitación de tempo

Considerando o informe conxunto de Intervención e Secretaría, así coma o informe do Técnico de Deportes, propónse aprobar as propostas número 9 relativas a alugueres/reservas, a número 10 relativa a asociacións, colexios e grupos, a número 11 de actividades especiais (adestramentos persoais e prevención de lesión, reeducación funcional e readaptación deportiva, cumpreanos con inchables acuáticos, campus multideporte Semana Santa e campus multideporte verán) ó supoñer novas actividades e unha mellora no equilibrio de ingresos e gastos do servizo.

Á vista do exposto, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- Aprobación inicial** da modificación contractual do contrato de xestión interesada da piscina municipal de Cee, asinado o 10 de outubro de 2018, entre o Concello de Cee e VIRAXES SL, consistente na aprobación das seguintes melloras propostas polo xestor, que se detallan:

#### 1.- ABONO MINUSVÁLIDO

Abono reducido e de minusválido na cota mensual de 16,45 euros, para aqueles que presten un certificado de minusvalía igual o superior o 33%.

#### 2.- ENTRADAS

Entrada piscina + 18 e - 65	2,70 euros
Entrada piscina - 18 e + 65	1,76 euros
Entrada ximnasio + 18 e - 65	2,61 euros

1 hora de utilización da instalación

Entrada total + 18 e - 65	=4,13 €
Entrada total - 18 e + 65	=3,31 €
Bono 10 sesións + 18 e - 65	=37,19 €
Bono 10 sesións - 18 e + 65	29,75 €

\* Sen limitación de tempo

#### 3.- COLECTIVOS ESPECIAIS (APEM e ASPADEX). CURSOS CON MONITOR MENSUAL

- Prezo curso alumno/a APEM ou ASPADEX 1 h/semana 6,61 €
- Prezo curso alumno/a APEM ou ASPADEX 2 h/semana 13,22 €.



- Prezo curso alumno/a APEM ou ASPADEX 3 h/semana 19,83 €.

#### 4.- ALUGUERES /RESERVAS

TEMPO	INSTALACIÓN	PREZO
1 hora	Estaxe piscina grande	20 euros
1 hora	Piscina pequena	25 euros
1 hora	Sala actividades	17,50 euros

#### 5.- ASOCIACIÓN/ COLEXIOS/ GRUPOS ORGANIZADOS

Asociacións, grupos	Horarios adaptados	Prezos
1 mes/alumno	45 m/1 hora	8,26 euros

Estes grupos non abonan matrícula.

#### 6.- ACTIVIDADES ESPECIAIS

##### 6.1.- ADESTRAMENTOS PERSOAIS E PREVENCIÓN DE LESIÓNS

Sesións individuais impartidas por licenciado en CAFYD especializado en adestramentos persoais e prevención de lesión.

	ABONADOS	NON ABONADOS
1 sesión (1 hora)	12,40 euros	20,67 euros
Bono 5 sesións	53,72 euros	95,05 euros
Bono 10 sesións	99,18 euros	165,90 euros

##### 6.2.- REEDUCACIÓN FUNCIONAL E READAPTACIÓN DEPORTIVA

Sesións individuais impartidas por licenciado en CAFYD especializado en adestramentos persoais e prevención de lesión.

	ABONADOS	NON ABONADOS
1 sesión (1 hora)	16,53 euros	24,80 euros
Bono 5 sesións	74,39 euros	111,58 euros
Bono 10 sesións	123,97 euros	185,96 euros

##### 6.3.- CUMPREANOS CON INCHABLES ACUÁTICOS

Nº DE NENOS/NENAS	ACTIVIDADE	PREZO
ATA 10	1 monitor 1 inchable	100 euros
DE 11 A 19	1 monitor 1 inchable	100 euros+ 8 € a partir de 11
20 OU MÁIS	2 monitores 2 inchables	100 euros+ 8 € a partir de 11

##### 6.4.- CAMPUS MULTIDEPORTE SEMANA SANTA

4 DÍAS DE 10 A 14 HORAS

ACTIVIDADES: XOGOS, INCHABLES, NATACIÓN, DEPORTES DE LOITA, CLASES DIRIXIDAS CON SOPORTE MUSICAL, OBRADOIROS, SAÍDAS.....

ABONADOS: 20 euros

NON ABONADOS: 40 euros.

##### 6.5.- CAMPUS MULTIDEPORTE VERÁ

QUINCENAS DE LUNS A VENRES DE 10 A 14 HORAS

ACTIVIDADES: XOGOS, INCHABLES, NATACIÓN, DEPORTES DE LOITA, CLASES DIRIXIDAS CON SOPORTE MUSICAL, OBRADOIROS, SAÍDAS.....

ABONADOS: 50 euros

NON ABONADOS: 100 euros.

DESCONTOS DUN 10% PARA QUEN FAGA MÁIS DUNHA QUINCENA E POR IRMÁN.

**SEGUNDO.- Outorgar un trámite de audiencia a VIRAXES SL** de conformidade co artigo 108 do TRLCSP aos efectos de que formule as consideración/alegacións que estime oportunas, no prazo de 5 días hábiles a contar dende o seguinte a recibir a notificación do presente acordo. De non

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



formular consideración/alegacións, entenderase definitivamente aprobada a modificación contractual.

**TERCEIRO.**- Desestimar as melloras propostas polo xestor, que se detallan en base ao informe conxunto de Secretaría e Intervención transcrito no expositivo do presente acordo:

ABONO FAMILIAR  
COTA DE MANTEMENTO  
ABONOS ESPECIAIS SEN MATRÍCULA  
CURSOS AUGA PARA ABONADOS  
CURSOS SECO PARA ABONADOS

**CUARTO.**- Notificar o presente acordo ao interesado indicando que se trata dun acto de trámite e, como tal, non procede a interposición de recursos contra el. Con todo, contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou perxuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, de conformidade co artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 desta Lei. O prazo para interpoñer o recurso potestativo de reposición será de UN MES, a contar dende o día seguinte en que perda vixencia a dita suspensión ou as súas posibles prórrogas. Non obstante, Vde. poderá alegar o que estime oportuno.

Asinado dixitalmente ao marxe.  
Alcaldesa do Concello de Cee.  
do Concello de Cee."

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 1 abstención do grupo político BNG e 6 votos a favor dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCIO HERMIDA CANCELA.

Intervén a Sra alcaldesa explica a proposta.  
Non se producen intervencións.

## VOTACIÓN

**Sométese á votación o ditame e resulta aprobado no seguinte sentido: 2 abstencións do grupo político BNG e 10 votos a favor dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.**

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E SEGUIMENTO DO PXOM.

**8. Proposta da alcaldía relativa a aprobación do CONVENIO DE ADHESIÓN Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

Considerando o seguinte Ditame:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Urbanismo e seguimento do PXOM o día luns 25 de maio de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

**"2. Proposta da alcaldía relativa a aprobación do CONVENIO DE ADHESIÓN Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

Considerando a seguinte:



## **“PROPOSTA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** *Aprobación do CONVENIO DE ADHESIÓN Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.*

**EXPEDIENTE Nº 2020/A005/000004.**

*Visto o Convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade urbanística que obra no expediente e que ten por obxecto a Delegación do Concello de Cee na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística establecidas nos artigos 151 e seguintes da LSG, en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunha das seguintes clases de solo: solo rústico ou non urbanizable en calquera das súas categorías (artigos 31 e seguintes da LSG e disposición transitoria primeira da LSG), solo urbanizable ou apto para urbanizar, mentres non sexa aprobado o correspondente planeamento de desenvolvemento (artigo 27 e disposición transitoria primeira da LSG) e núcleos rurais delimitados no planeamento urbanístico municipal (artigo 23 e disposición transitoria primeira da LSG).*

*Considerando o informe xurídico emitido pola Secretaría Municipal favorable a súa aprobación e indicando a recomendación da súa adhesión por parte deste Concello.*

*En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:*

**PRIMEIRO.**-*Aprobación do Convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, nos termos e baixo as estipulacións marcadas no mesmo.*

**SEGUNDO.**-*Evacuar os trámites necesarios para posteriormente proceder a sinatura do referido Convenio.*

*Asinado dixitalmente ao marxe.  
Alcaldesa do Concello de Cee.  
Margarita Lamela Louzán.”*

**Sométese a proposta á votación e resulta a seguinte votación: 2 votos en contra do grupo político IXCee e 2 votos a favor do grupo político PSOE e 3 abstencións dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión (PP e BNG).**

**Tras o empate, repítese a votación, persistindo o empate.**

**Sométese ao voto de calidade da Sra alcaldesa e resulta ditaminada favorablemente a proposta.**  
A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

*Intervén a Sra alcaldesa: xa conocen a proposta, simplemente reiterar o que se manifestou na comisión que é delegar as competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística establecidas nos artigos 151 e seguintes da LSG, en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunha das seguintes clases de solo: solo rústico ou non urbanizable en calquera das súas categorías, solo urbanizable ou apto para urbanizar, mentres non sexa aprobado o correspondente planeamento de desenvolvemento e núcleos rurais delimitados no planeamento urbanístico municipal.*



Sr Dominguez García: neste punto pediríalle que o deixara sobre a mesa e convocara unha comisión de urbanismo para que o técnico nos explique o recado que mandou por Vde de que ía ser peor ca Aplu, quero que nos explique eso e o mellor me convence e non so cedemos as competencias na Aplu senón tamén os proxectos e licenzas de obras e aperturas as delegamos na deputación da e incluso aforrar o seu soldo e mandalo para casa, insisto que convoque a comisión e nos explique iso de que é peor ca Aplu, e deixe sobre a mesa que non hai presa de aprobar isto e si nos convence igual votamos todos a favor.

Sra alcaldesa: no está justificado su exposición para dejarlo encima de la mesa, es necesario justificar un motivo conforme a la Lbri y no lo está justificando.

Sr Dominguez García: eu pidollo a Vde

Sra alcaldesa: hai que justificar por un motivo, supongo que lo sabrá que fue alcalde durante muchos años.

Sr Dominguez García: que nos explique á Corporación porque Vde xa non llo tiña que permitir que se mande unha ameaza velada a través súa que é a presidenta da corporación si quer deixo sobre a mesa senón imos votar en contra.

Sra alcaldesa: Sr Dominguez, da igual porque usted iba a votar en contra.

Sr Dominguez García: non sei para que pregunta si xa sabe usted.

Sra alcaldesa: ya fue alcalde ya se su trayectoria y no le interesa que se delegue esta competencia.

Sr Dominguez García: porque cando chegue un veciño, cun veciño diralle no, é cousa da Xunta.

Sra alcaldesa: son obras sen licenza en solo rústica e as que non se axustan

Sr Dominguez García: eu si non convoca a comisión de urbanismo para que o técnico explique o mensaxe imos votar en contra.

Sra alcaldesa: se que iba a votar en contra y no voy a dejar el asunto sobre la mesa para que venga ningún técnico

Sr Dominguez García: non o deixe faga o que queire.

Sra alcaldesa: un poco de respeto.

Sr Dominguez García: respete usted os demais eu respecteina sempre dígolle que faga o que Vde lle parece.

Sra alcaldesa: tiene que justificarlo y sino está justificada la exposición, hay que venir preparados.

Sr Vigo: Sra alcaldesa con su permiso aqui aparte de leyes en la atmosfera de un pleno corporativo subyace la política que es muy importante en democracia y cuando los concejales yo no había pensado en absoluto lo que dice el Sr Dominguez pero estoy de acuerdo con lo que plantea a mi me lamó la atención, y así lo dije en la comisión, que un funcionario diga que va a ser peor o mas dañino y va hacer peor las cosas y los funcionarios públicos y yo llevo más de 30 años en la Administración Pública y estamos para resolver los problemas a la sociedad, yo muchas veces le dije a los funcionarios que si no sabemos a quien servimos mejor cerramos la puerta y nos vamos pero que alguien nos traslade eso por una visión particular, a lo mejor hay que mandarlo a un reconocimiento médico, una persona que hace semejantes afirmaciones hay que plantearse que pretende, menos horas de despachos?, error, yo soy el justiciero de la sociedad en el ámbito urbanístico, ese es mi objetivo?, vine a este mundo a cepillarme las inquietudes de los que construyen aqui que no estamos en una zona de grandes promociones urbanísticas me extraña que se pueda decir eso y yo si me lo dicen reaccionaria enfadado cuanto menos, al final es más difícil enfrentarse a un funcionario que otro tipo de cosas, en cualquier caso un concello no debe renunciar a su capacidad de competentea en un ámbito determinado y menos bajo esa amenaza.

Sra alcaldesa: es exigente, como pudieron ser otros, solamente como dije el otro día hay 700 expedientes sin resolver, 33 licencias solicitadas, hay un volumen considerable, si no se aprueba no pasa nada, miraré ampliar la oficina técnica no pasa nada, si se aprueba, se aprueba y sino no pasa nada, no hay ningún problema, simplemente hay que resolver los 700 expedientes del funcionario que quedaron ahí bajo su mandato.

Sr Vigo: no, no, bajo varios mandatos.



Sra alcaldesa: el último, el suyo.

Sr Vigo: viene desde la alcaldía del Sr Lamela Lestón, después el Sr Dominguez, después yo, después la Sra Rodríguez, luego yo y ahora usted, aun siendo así le puedo decir que eso el no se lo diría nunca para decir eso hay que tener un talante complejo cuanto menos yo estaría preocupadísimo no escuché nunca decir eso a nadie, el otro día, con los compañeros hablando de los policías escuchaba que un policía que no podía pasear solo, coño yo voy sin pistola, soy pequeñito y tu tienes miedo, eso que dijo el técnico me parece de una prepotencia total.

Sra alcaldesa: no es prepotencia, es exigente, tiene un volumen considerable de trabajo y nada más, para nada es como lo están describiendo.

Sr Vigo: eso es propio para descargar el trabajo a otros.

Sra alcaldesa: es un volumen de trabajo exagerado que hay que poner al día, estuvo una arquitecta técnica 6 meses, se adelantó pero no es suficiente, es simplemente la voluntad de resolver expedientes y dedicarse a la zona urbana.

Sr Vigo: yo le pongo un ejemplo en ámbito distinto, si en la sanidad se actuase de la forma perservativa que se actúa en la administración local y autonómica seguramente, estaríamos todos en casa enfermos sin un fármaco porque claro si recetas, puedes tener problemas, si te sienta mal, si te salen granos y si... así no se puede trabajar, hay que ser cauto, sensato, serio pero no con una actitud con miedo a todo lo que haces, porque al final se acumula todo, esa es la realidad, y usted trabaja en el ámbito privado y no lo soportaría y se va a cansar de la lentitud de la administración, a lo mejor tiene paciencia pero le aseguro que le llegará la impaciencia.

Sr Dominguez Louro: eu non sei si está xustificado ou non o do Sr dominguez o que sei é que Vde en varias ocasións no periodo 2015/2019, deixou o Sr Vigo varios asuntos sobre a mesa sempre se accediu si é potestade súa agora mais aló si está ou non xustificado, eu diríalle que o reconsiderere e accedese porque non vexo ningún problema en escoitar o funcionario que seguro que é un mal entendido, está claro que non é a maneira de contestar de ninguén, gustaríame que houbera esa comisión e coas explicacións oportunas e volver a pleno e poderá ser doutra maneira a votación, repito que non sería malo, o contrario, e poderíamos coñecer a opinión do técnico e si ten que contratar outra persoa non hai problema prefiro que se contrate para oficina técnica e non policía local.

Sra alcaldesa: Sr Dominguez si recorda cando eu solicitaba deixar sobre a mesa xustificaba en base a petición de informes e figurando os extremos do informe, nun motivo razoado e xustificado, senón non se votaría, recordo que nunha ocasión nin se someteu a votación, e no resto foi porque estaba xustificado, considero que hai que facelo de forma correcta, si se somete á votación, se somete, si queren unha comisión non teño inconvincente, e volvemos o pleno pero nestes momentos e como se xustifica non se pode facer.

Sr Dominguez Louro: Vde podería a pesar deses peros deixar isto sobre a mesa.

Sra alcaldesa: se somete a votación non teño inconvincente convocar unha comisión de urbanismo e si consideramos todos que sería beneficioso firmar este convenio non habería conveniente.

Sr Dominguez Louro: eu creo que sempre apoie a Vde cando pedía deixar o asunto sobre a mesa, porque me parecía coherente e sensato igual me parece o que dixo o Sr Dominguez, como é un tema que non urxe non pasa nada que se retrase.

Sra alcaldesa: hay que hacer las peticiones de forma correcta y sentar precedente para que se hagan bien.

## -----VOTACIÓN-----

**Sométese á votación o Ditame e non resulta aprobado pola seguinte votación: 4 votos a favor do grupo político PSOE e 6 votos en contra dos grupos políticos PP e IXcee e 2 abstencións do grupo político BNG.**



## **B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.**

### **9. Dar conta de resolucións da alcaldía para coñecemento: N° 251/2020 do 28 de abril á N° 320/2020 de 21 de maio.**

Quedan enterados/as.

### **10. Dar conta do envío o MFAP da execución orzamentaria Primeiro Trimestre 2020.**

Quedan enterados/as.

### **11. Mocións de urxencia.**

#### **PRIMEIRA MOCIÓN DE URXENCIA**

Intervén o Sr Dominguez Louro e di que trouxo unha moción que procede a repartir entre os asistentes e incorpórase ao expediente da sesión plenaria, di que a xustificación di que como tal non hai, como dixon outros plenos si hai que presentar así, pois faise, a moción é o problema actual de Xeal. Procédese a votación da urxencia e resulta ratificada por unanimidade dos asistentes.

Transcríbese a moción entregada (o Sr Dominguez Louro procede a lectura do acordo):

#### **MOCIÓN EN APOIO AS REIVINDICACIÓN DO COMITÉ DE XEAL EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O conflito en Ferroatlántica segue activo e mais vivo que nunca. A empresa non mira para atrás e segue coa clara intención de segregar as actividades de ferroliaxes e enerxía, co único propósito de pechar as fábricas de Cee e Dumbría.

Xeal, como se deu en chamar agora, aproveita a situación de emerxencia pola crise sanitaria mais o estado de alarma no que se atopa o estado español, para avanzar no plan activo desde fai anos e ao mesmo tempo aforrar cartos a conta da pandemia. Coa desculpa desta, e alegando causas organizativas, a empresa aplicou un Erte totalmente inxustificado, xa que non obedece a causas económicas. Hai que engadir ademais que neste Erte a empresa deixa de asumir con fondos propios o custo das xornadas laborais sen prestación de servizos, que pasa a financiarse con cargo ás prestacións por desemprego das traballadoras e traballadores. É dicir, é o propio persoal quen asume o custe das medidas preventivas que ten que pór a empresa para garantir a seguridade e a saúde no desempeño da actividade laboral. Subliñar tamén que nesta ocasión os traballadores das centrais tamen están afectados.

Cómpre non esquecer que a empresa, ademais, negouse rotundamente a limitar a vixencia do Erte a duración do estado de alarma e anunciou a súa aplicación até o tres de xullo, sen ofrecer garantías de volver arrancar os fornos nen de retirar o Erte xa anunciado previamente e que non chegou a executar.

É preciso destacar que seguimos sen ter noticias positivas en canto a plan de viabilidade ou a retirada dos recursos contra a resolución administrativa de Augas de Galiza impedindo a segregación de actividades.

**Ante isto, o comité presentou unha demanda de conflito colectivo contra o ERTE de suspensión de contratos e reducións de xornada aplicado por XEAL (Ferroatlántica) para as fábricas de Cee e**



Dumbría e as centrais hidroeléctricas, ao entender que as causas alegadas son inexistentes e fraudulentas.

## A responsabilidade das administración

É importante lembrar que Xeal non é a propietaria dos ríos, simplemente ten unha concesión para explotar un recurso natural. Esta concédelle uns dereitos, pero tamén unhas obrigas. Unha delas refírese ao mantemento da actividade industrial e dos postos de traballo.

Ante isto debemos denunciar que a Xunta de Galiza segue obviando as súas competencias, segue a despreocuparse polo emprego e o futuro industrial das fábricas, que é tamen o da comarca, a pesares das reiteradas peticións, comunicacións e advertencia de incumprimentos. A propia administración requeriú a empresa un plan de viabilidade dándolle un prazo de seis meses, que non cumpríu.

Non menos grave é a desaparición dos alcaldes e alcaldesas da comarca, que ante as intencións claras da empresa, e logo das donacións interesadas por parte da dirección, gardan escrupuloso silencio, un silencio tan necesario para as intencións empresariais como perxudicial para o futuro das fábricas.

É imprescindible lembrar que as centrais hidroeléctricas deben ser garante de actividade, de mantemento de postos de traballo, e por ende de futuro en Cee e na bisbarra.

Por todo o exposto, propoñemos ao pleno desta Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Declarar o apoio a demanda de conflito colectivo contra o ERTE de suspensión de contratos e reducións de xornada aplicado por XEAL (Ferroatlántica) para as fábricas de Cee e Dumbría e as centrais, presentado polo comité de empresa.
2. Instar ao Goberno do Estado a aprobación inmediata dun estatuto para a industria electrointensiva que estableza unha tarifa estábel e economicamente asumíbel que permita a competitividade industrial e o mantemento dos postos de traballo.
3. Instar a Xunta de Galicia a que, dentro das súas competencias, esixa os novos xestores da empresa Ferroatlántica un plan de viabilidade, xa que a empresa explota recursos naturais e ten que ser garante da actividade de ferroalixes e os postos de traballo."

Sr Dominguez Louro: este último punto salienta que xa a Xunta esixiu a empresa o plan no prazo de 6 meses pero a día de hoxe non sabemos nada, falase das subvencións de Alcoa que agora están pedidas dise, tamén en Ferroatlántica, agora que os fornos pechados pois que Ferroglobe como comprador de Xeal non precisa dos fornos, xa o avisamos no seu día que podía pasar, iso supón que están en risco postos de traballo con isto pensamos que se está incumprindo o título concesional que xa falamos moitas veces neste pleno que son a garantía da produción e de que se manteña a produción e postos de traballo, desta petición da xunta a empresa esta non dou sinais de vida dende outubro pasaron mais de 6 meses, estamos ante un escenario novo e dar pasos mais firmes e contundentes si cabe, compre actuar xa dunha maneira dura e abrir os expedientes que fagan falta e actuar en consecuencia e con todas as consecuencias, todos estamos de acordo que as centrais teñen que ser garante de postos de traballo non poden pecharse unidades produtivas e si non queremos vernos en poucos meses como Alcoa, temos que actuar de inmediato e ante iso o estado e Xunta de Galicia ten que actuar xa, non poden estar facendo o que lle de a gana, van dando pasos para conseguir a separación dos dous frentes, xeración enerxía e ferroalixes, vai neste senso a moción, os acordos son os que tomamos en xaneiro e co apoio do comité e actuar con contundencia, non buscamos que saia un acordo senón que este pleno saia unido para pelexar en defensa do noso pobo de da costa da morte, creo que aínda estamos a tempo de reaccionar.





Sra alcaldesa: soamente sinalar que o día 14 de abril falei co presidente do comité para falar do tema do erte, xa lle din traslado a oposición, totalmente de apoio os traballadores de Xeal, solicitei tamén unha documentación que quería estudar mais a fondo creo que polo estado de alarma non me puido facer chegar, a partir de aí cando veña traerei a comisión tamén un problema o estudo dun problema grave tamén en comparación, a Sicar, e darei traslado para ver si esa preocupación e veraz ou non con independencia do outros, a maiores.

## **Sométese á votación a moción e resulta aprobada por unanimidade dos asistentes á sesión plenaria.**

### **SEGUNDA MOCIÓN DE URXENCIA**

Intervén o Sr Dominguez Louro e procede a repartir entre os asistentes e incorpórase ao expediente da sesión plenaria, di QUE A moción e instar a Xunta un plan de reactivación económica ante o Covid hai que tomar medidas e todas as axudas son poucas e calquera é benvinda.  
Procédese a votación da urxencia e resulta ratificada por unanimidade dos asistentes.

Transcríbese a moción entregada (o Sr Dominguez Louro procede a lectura do acordo):

“MOCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN GALEGO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica e social que xa estamos a vivir como consecuencia da pandemia da covid-19, vai ter unha virulencia especial na Galiza, cunha situación económica xa moi debilitada e dependente.

Nesta situación é imprescindible facer políticas atrevidas, valentes e decididas que rachen coa dinámica de parcheo que o único que fai é sustentar o sistema e rebota os efectos da crise sobre os sectores máis desfavorecidos, sobre as clases populares. Os grandes beneficiados, se non o remediamos serán a banca e as grandes corporacións económicas.

Os concellos non teñen competencias estruturais en materia económica e política fiscal. As decisións que se poidan adoptar para facer fronte á crise dende o ámbito local van depender das medidas legislativas e executivas que se adopten polo Estado español e pola Xunta de Galiza.

Para que a administración local poida despreparar a súa capacidade de actuación nesta situación é fundamental a derogación da lei de Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (lei Montoro), xa que esta lei recolle tres regras fiscais (estabilidade, regra de gasto e débeda) para priorizar o pago da débeda aos bancos).

Esta lei deriva da modificación do art. 135 da Constitución española en 2011. Sen a derogación desta norma as posibilidades de actuación das diferentes administracións veríanse moi minguadas, e quedarían en actuacións de beneficencia.

Están a ser cada vez máis preocupantes as informacións en distintos medios de comunicación da intención do Ministerio de Facenda de utilizar os depósitos remanentes municipais, no canto de permitir que sexan utilizados polos concellos en actuacións da súa competencia. Esta decisión deixaría á administración local sen ningunha capacidade de acción.

Nunha situación como a que estamos a vivir é fundamental a elaboración de mecanismos de solidariedade social nacionais: claridade dos recursos dispoñíbeis en cada nivel de intervención pública, priorización no emprego colectivo destes recursos para que cheguen a quen os precisa (sen



que dependa do concello no que residan) e exercicio responsábel das competencias de cada institución, evitando duplicidades, solapamentos e baleiros inadmisíbeis.

Para isto faise preciso a elaboración dun plan galego de reactivación económica e social, consensuado entre as distintas administracións, forzas políticas, sectores e axentes sociais. Esta proceso debe estar dirixido polo goberno galego e refrendado polo Parlamento Galego.

A FEGAMP, como asociación dos concellos e deputacións galegas, debe xogar un papel fundamental, sen delegar na FEMP a representación dos concellos galegos. Os concellos galegos van ver máis diminuída a súa capacidade de intervención, investimento e gasto se a interlocución municipal ten como referencia o mapa municipal estatal.

Dada a estrutura da economía galega, cunha elevadísima porcentaxe de traballadores e traballadoras por conta propia e pequenas empresas, o plan galego debe ter especialmente en conta a súa situación e establecer axudas directas, complementarias das do estado, para que podan seguir a desenvolver a súa actividade. Debe haber unha actuación urxente do goberno galego a estes sectores da economía, como xa aprobaron outras comunidades autónomas.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

**1.** Instar a Xunta de Galiza á iniciar a elaboración dun plan galego de reactivación económica, consensuado con todas as administracións, forzas políticas, axentes e sectores sociais.

Este plan debe delimitar claramente as competencias das distintas administracións, para evitar duplicidades e baleiros no emprego dos recursos públicos.

**2.** Instar á Xunta de Galiza á elaboración con urxencia dun plan galego de axudas, que complemente as medidas do estado, a autónomos e pemes.

**3.** Instar á FEGAMP e á Xunta de Galiza a esixir a derogación da Lei Montoro para permitir que os concellos poidan desenvolver toda a súa capacidade de investimento e gasto.

**4.** Manifestar a firme oposición da corporación municipal a calquera pretensión do Ministerio de Facenda de incautar ou bloquear os fondos municipais.

Sr Dominguez Louro: Polo que vin na prensa é que cada concello obrou como lle pareceu axeitado, sería bo delimitar as competencias de cada administración para non solaparse e centrar mellor os esforzos, todos somos conscientes do que se nos cae enriba, a xunta tamén ten que facer o esforzo.

Sr Dominguez Garcia: vamos a votar a favor pero facer constar que nunha reunión nesta semana co presidente estase elaborando un plan para isto non sei si non consello de onte ou hoxe xa se aprobou un decreto de medias a autónomos para reactivar a economía.

Sr Dominguez Louro: Ogallá sexa así.

Sr Vigo: simplemente dicir que non sei agora mesma o plan de medidas hoxe pola tarde escoitaba o presidente que falaba non tanto de autónomos ou Pymes senón de axuda a familias, coidadores, unha axuda ata 500 euros, con respecto a lei Montoro chega un momento que falamos de Montoro que xa fai tempo que iso íaa desaparecer cun cambio de goberno, non son economista non sei si era necesario ou non poñer en marcha esa lei no momento de crise o que teño claro que hoxe non e necesario que se manteña e os concellos hai que darlle capacidades, dentro das poucas capacidades económicas, restituir as CCAA os cartos que no seu momento se quedou o goberno de España con eles, parece importante e prioritario, a veces os políticos en xeral, nos deixamos levar por cuestións estéticas que poden tamén ser éticas pero a veces non son as que marcan ou lle dan fortaleza ou son pilares dunha folla de ruta da cuestión económica, dende a miña independencia, temos unha ministra de economía que e unha gran ministra e pode darlle un impulso a este goberno se lle deixan porque é



un verso solto esperemos que sexa así e iso cambie e a xunta como pide o bng imprementa un paquete de axudas para paliar a crisis que nos avoca a pandemia do coronavirus  
Sra alcaldesa: Soamente dicir que o martes, teño as 11 da mañá por videoconferencia cos alcaldes e unha petición entre outros puntos é a derogación da lei Montoro os efectos de que podamos utilizar o remanente e facer forza a nivel estatal para poder conseguilo.

## **Sométese á votación a moción e resulta aprobada por unanimidade dos asistentes á sesión plenaria.**

### **12. Rogos e preguntas.**

Intervén Sra Iglesias: una pregunta, sobre la playa de Estorde.

Sra alcaldesa: hable con Rafael Eimil y estuvo el vigilante de costas y habló con los titulares y me trasladaron que a partir del 1 de junio abría y que estaba cerrado por desinfección, pregunte por el tema de los baños, parece ser que hubo acuerdo con costas que se permitía tener abierto para dar el servicio a los que van a la playa no hay problema se comprometieron a partir del lunes.

Sra Iglesias: el asunto es más profundo, no es cuestión de que el 1 dejen pasar, pero se trata que no pueden cerrar ellos cuando consideren o si?

Sra alcaldesa: el vigilante de costas está haciendo el informe y averiguaciones correspondientes lo que se quedó es que estaban con la desinfección y el 1 de junio abría, estaban mirando si historicamente si la servidumbre de paso iba por ahí o por otro sitio.

Sra Iglesias: iba por ahí, entre las dos casas que ahora hay un muro, si tu cierras camino por un lado te tendrán que dar paso por otro, bien es cierto que donde hay tumbonas hace años todo el mundo comía allí pero ahora es privado, la cuestión es se puede pasar o no se puede pasar?, como ahora que decidieron no se puede pasar, entonces también habría que quitar las duchas.

Sra alcaldesa: está en dominio publico, las duchas no es objeto de discusión y las escarelas también, eso está claro, ellos tienen una sentencia del TS que tendrán que estudiar en costas y haran el informe correspondiente.

Sra Iglesias: es que los vecinos preguntan, por algún sitio hay que pasar, sino la ducha del concello se quita, por la dificultad para acceder.

Sra alcaldesa: eso es dominio público marítimo terrestre, no tiene discusión lo que se esta mirando es el acceso por el que se baja, lo otro no es objeto de discusión.

Sr Vigo: de todas formas debería haber mais información no concello que nunca a vin, no concello no período do 83 xurdío un conflito veciñal, se xudicializou cunha sentenza que avala a tese dos propietarios en contra dos veciños, tamén penso que que Rafael Eimil estuvo procesado polos propietarios do camping por unha xestión como enxeñeiro de costas antes de ser xefe, de todas formas en esa sentencia en costas debe constar os accesos públicos a praia si so é a parte de aquí de Cee onde está roxo ou si tamén ese camiño estreito pola parte detrás do restaurante onde pasaba o quiosco que poñían provisional, eu fun moito a esa praia nunca tiven conflito pero cando empeza haber problema quero saber onde estamos, xa sabemos que costas xunto con patrimonio é unha administración das mais reaccionarias e me extraña que non o teñan claro, e posiblemente os propietarios que alegan a sentenza que non vin, saben tamén o que poden facer ou non e recordo que cando cerraron as duchas en Estorde, pedíronlle permiso para pasar os ramais, recordo algo surrealista porque o concello pediu autorización a costas, e chamáronme sendo eu alcalde en funcións que paralizaban a obra, a auga ten que vir por algún sitio, se puxeron as duchas o tema era si había unha zona dunar e demais, en calquera caso tanto en costas como os propietarios do restaurante praia de Estorde teñen que ter constancia do que se pode facer ou non.

Sra alcaldesa: yo llamé a Rafael Eimil que me atendió de forma inmediata, el vigilante de costas tardó dos días en venir por el fallecimiento de su madre, habló conmigo en la alcaldía y dijo que haría



el informe y me trasladó que abrían el día 1 de junio, y haría el informe con la documentación existente en costas, cuando llegue daré traslado.

Sr Domiguez García: unha vez mais o perigo que hai na ballenera, esta semana con moito vento creo que o luns ou mates viñeron uns ciclistas e caeu un trozo de muro e dígollo porque vai haber unha desgracia, segundo porque se seguen sen grabar os plenos?, síntome culpable porque apoiei na contratación da persoa encargada nas redes e puxen esa condición.

Sra alcaldesa: lo comenté con la Sra secretaria y me dice que cuando este aprobado el reglamento de foma definitiva que no está por el estado de alarma.

Sr Dominguez García: cando é?

Eu Secretaria digo que creo que terminará aproximadamente o 12 xuño porque ata o 1 de xuño non se reanuda o prazo que estivo suspendido.

Sr Dominguez García: porque non se pode?

Eu Secretaria digo que se pode grabar de feito se está grabando pero non publicar poque é o regulamento o que permite, aprobose pero houbo que expoñelo no Bop e nos 30 días hábiles se suspendeu o prazo.

Sr Dominguez García: dixo usted que se podía grabar.

Sra alcaldesa: el pleno anterior está grabado pero no se puede publicar hasta que esté aprobado definitivamente como dice la Sra Secretaria, de todos modos la transparencia es absoluta porque se publican las actas en el portal de transparencia y cuando se puedan publicar se hará sin problema, a finales de junio creo que se podrá.

Sr Vigo: teño un exemplo con este tipo de publicacións, pretendín poñer un sistema de control de asistencia dos traballadores, compramos as maquinas estaban montadas e coa huella dixital había unhas cuestións legais, botáronme da alcaldía cando vin xa non estaban as máquinas, esto pode pasar e cando se poda publicar estamos nun xeriátrico, é moi lenta a administración.

Sra alcaldesa: si no pasara lo que está pasando no se suspenderían los plazos.

Sr Vigo: si nos pasa a outros pode pasarlle a Vde.

Sra Iglesias una pregunta, el color de los bancos de la alameda fue petición vecinal o alcaldía?

Sra alcaldesa: fué decisión del gobierno que había que pintar los bancos y vecinal que estaban estropeados.

Sra Iglesias: la productividad es competencia de la alcaldesa, pero bueno aquí hubo gente que hincó el codo y no solo la policía local, a no ser que al hacer muchas horas extras se le de la productividad por las horas extras porque me parece injusto que mucha gente que trabajó duramente durante la pandemia como ellos y no hayan recibido productividad, es un ruego.

Sra alcaldesa: durante la pandemia trabajaron, estoy agradecida a todo el personal del concello pero la policía local en concreto, hicieron un sobre-esfuerzo porque solo estaban cuatro, porque Santiago y Jorge estaban de baja, con jornadas incluso de doce horas con su descanso correspondiente de forma continua y comiendo en dependencias de la policía local por el miedo que podían tener al contagio, hicieron de todo.

Sra Iglesias: también los otros salvo que sean horas extraordinarias que no se puedan pagar.

Sra alcaldesa: también es cierto que los funcionarios trabajaron por turnos y ellos estuvieron todos los días.

Sr Dominguez Louro: tres cousas, unha que dixo o Sr Dominguez de Caneliñas, que a xente entraba alí e que era perigoso, logo na parroquia de Lires hai luces que non funcionan, si poden mandar en canto poda os electricistas para que as vexan porque algunha leva tres meses apagada.

Sra alcaldesa: Que zona?

Sr Dominguez Louro: Na que eu vivo

Sra alcaldesa: En canosa?

Sr Dominguez Louro: De feito os veciños reclamaron, logo xa falamos noutros plenos, hai paquetes de canais que non se ven, fai tres semanas o veciño de en fronte a min, chamou un técnico e lle dixo que non habíaa sinal, cando volve a sinal e un día como hoxe de vento deixa de verse, a semana pasada



# Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
[correo@cee.gal](mailto:correo@cee.gal)  
[www.cee.gal](http://www.cee.gal)

Exp. 2020/G010/000007

chamou unha veciña o Concello e veu un técnico e díxolle que eran os eucaliptos diante do repetidor, non sei si se poden cortar ou levantar o repetidor un pouco mais, hai que solucionalo porque hai dias que non se ve nada.

Sra alcaldesa: hablaré con los titulares de las parcelas por si pueden cortar los eucaliptos, hablaré nuevamente con retegal otra vez, de todas formas ya tuvimos mesa de contratación y se adjudicó esa obra a una empresa, de todas formas miro el tema de los eucaliptos.

Sr Dominguez Louro: Búsquelle unha solución.

Ás 21:05horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Asinado dixitalmente ao marxe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 08/06/2020 14:50:00)

Margarita Lamela Louzán

(FECHA: 06/06/2020 12:36:00)

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela

Versión imprimible

CVD: fdgYPIX70y2iPPdtPV12  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)